

**Acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno
correspondente ao día 25 de novembro de 2024**

Con data vinte e cinco de novembro do ano dous mil vinte e catro, ás dez horas, reúnese a Xunta de Goberno da Deputación na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, co fin de realizar sesión ordinaria en primeira convocatoria e tratar nela os asuntos que figuraban na orde do día, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidente:

D. Luís Menor Pérez

Deputados/as:

D.^a Marta Novoa Iglesias

D.^a Ana Patricia Torres Madureira

D.^a Teresa Barge Bello

D. Plácido Álvarez Dobaño

D. Jorge Pumar Tesouro

D. Manuel Seoane Rodríguez

D. Rosendo Luis Fernández Fernández

D. César Manuel Fernández Gil

Secretario:

D. Adamantino Barreiro García

Interventora:

D.^a Mónica Legaspi Díaz

A continuación iníciase o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do modo que se reflicte a continuación:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 18 DE NOVIEMBRE DE 2024.-

A Secretaría Xeral deu traslado do borrador da acta anterior, correspondente á ordinaria do día 18 de novembro de 2024.

Non se producen intervencións, polo que a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **adopta** o seguinte **acordo**:

- Aprobar a acta da sesión ordinaria do día 18 de novembro de 2024, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- RECOÑECIMENTO DE COMPATIBILIDADE A DON JAIME ANTONIO PINTOS PÉREZ, FUNCIONARIO INTERINO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE.-

De conformidade coa proposta da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adopta o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Autorizarlle, por razóns de especial interese para o servizo, a don Jaime Antonio Pintos Pérez, con DNI nº ***5840**, funcionario interino do grupo A1, xefe do Negociado de Expropiacións da Deputación Provincial de Ourense, a compatibilidade co exercicio dunha segunda actividade na administración pública como profesor interino de substitución a tempo parcial (P05), no Departamento de Dereito Público da Universidade de Vigo, e como impartidor/corrector/director de TFM da Universidade Internacional de La Rioja, por entender que se cumpren os requisitos e excepcións requiridos polos artigos 3.1, 4.1, 7, 14 e 16 da Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, permitindo a superación do límite previsto no artigo 7.1 da citada Lei.

O presente acto suxeitase as seguintes condicións:

a) O exercicio da súa actividade docente universitaria compatibilizada, non poderá impedir ou menoscabar o estrito cumprimento dos seus deberes nos postos compatibilizados, nin interferir no exercicio da súa actividade como funcionario interino do grupo A1, xefe de negociado de expropiacións da Deputación Provincial de Ourense, nin poderá supoñer modificación da xornada de traballo e horario establecido nos postos obxecto de compatibilidade. O exercicio da súa actividade docente polo empregado/a público/a tampouco poderá comprometer a súa imparcialidade ou independencia.

b) O empregado/a público/a deberá cumprir durante todo o exercicio da actividade docente autorizada, os requisitos legalmente previstos e especialmente o previsto nos artigos 3.1, 4.1, 7, 14 e 16 da Lei 53/1984, de 26 de decembro.

SEGUNDO.- Inscribir o presente acordo, polo que se recoñece e autoriza a referida compatibilidade para o exercicio dunha segunda actividade na administración pública como profesor interino de substitución a tempo parcial (P05) na Universidade de A Vigo, e como impartidor/corrector/director de TFM da Universidade Internacional de La Rioja, no expediente persoal do citado traballador.

TERCEIRO.- Notificarlles o presente acordo ás persoas interesadas.

3º.- FIXACIÓN DE PREZOS PÚBLICOS DE EDICIÓNS DO PLAN ANUAL DE PUBLICACIÓNS DE 2024.-

De conformidade coa proposta da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adopta o seguinte acordo:

Fixar o prezo das seguintes publicacións que están dentro do Plan de Publicacións do ano 2024, e que serán editadas desde a Sección de Arquivo e Publicacións:

OBRAS	Custo maqueta e impresión	P.V.P proposto
Coedición coa Fundación Jorge Jove do libro de Manuel Lage <i>Barreiros</i> . <i>Historia completa</i>	Custo total da obra: 58.802,04 € -Investigación e documentación, deseño e maqueta e dereitos de autor, 75% do custo asumido pola Fundación Jorge Jove 44.605 € (IVE incluído). - Impresión 14.197,04 € (4%IVE incluído). 25% Asumido pola Deputación Provincial de Ourense Número de exemplares: 1.000: 750 para a Fundación Jove e 250 para a Deputación P.V.P. estimado para cada exemplar: 58,80 €. O libro está dentro dunha colección da Fundación Jorge Jove e, de mutuo acordo, no convenio firmado, se decide que o P.V.P. sexa de 60 € (4% IVE incluído).	P.V.P. 57,6 + 4% IVE
Delfina Rodríguez Fernández <i>Demografía, familia y reproducción social en tierras de Celanova durante el Antiguo Régimen.</i>	Custo da obra: -Maqueta e impresión: 12.867,44 € . Número de exemplares: 400. P.V.P. estimado para cada exemplar: 32 €. Por tratarse de unha tese doutoral con moito interese cultural, pero pouco comercial, se propón rebaixar o P.VP a 20 € (4% IVE incluído)	P.V.P. 19,2 €+ 4% IVE
Yolanda Barriocanal López <i>La arquitectura del Renacimiento en Ourense. Imagen urbana.</i>	Custo da obra: 14.976 € . Número de exemplares: 400. P.V.P. estimado para cada exemplar: 37€ (4% IVE incluído) .	P.V.P. 35,52 € +4% IVA
Rochi Novoa Vázquez: <i>Arames e fíos</i>	Custo total: 4.792,32 € . -Número de exemplares: 400. P.V.P. estimado para cada exemplar: 11 € (4%	P.V.P. 10,56 € +4% IVA

	IVE incluído).	
Coedición co Grupo Marcelo Macías da obra de Luis Orero Grandal e Francisco Fariña Busto <i>Guías do Patrimonio. Castromao, Celanova.</i>	Custo total da obra: 10.900,02 € -Asumido polo Grupo Marcelo Macías o 30 %: 3.144,30 € - Asumido pola Deputación o 70%: 7.336,49 € Número de exemplares: 1.000. 700 para a Deputación e 300 para o Grupo Marcelo Macías. P.V.P. estimado para cada exemplar: 10,90 €. O libro está dentro dunha colección da Fundación Marcelo Macías e, de mutuo acordo, no convenio firmado, se decide que o P.V.P. sexa de 13 € (4% IVE incluído).	P.V.P. 12,48 € +4% IVA

4º.- FIXACIÓN DO IMPORTE DOS PREZOS PÚBLICOS DAS ENTRADAS AO PARQUE DE ATRACCIÓNS “PAZOLANDIA 24”.- De conformidade coa proposta favorable da

Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adopta o seguinte acordo:

PRIMEIRO: Establecer o importe dos prezos públicos das entradas ao parque de atraccións “Pazolandia 24”, que se desenvolverá nas datas do Nadal de 2024, nas instalacións do Pazo dos Deportes “Paco Paz”, entre o 26 de decembro de 2024 e o 4 de xaneiro de 2025, de conformidade co seguinte cadro:

CONCEPTO	PREZO PÚBLICO (€)
PÚBLICO EN XERAL	5,00 por entrada
GRUPOS PROMOVIDOS POLOS CONCELLOS E ASOCIACIÓNS DA PROVINCIA (entrada colectiva polo número total de integrantes do grupo)	4,00 por cada integrante do grupo

SEGUNDO: Nos restantes aspectos non previstos no presente acordo, estarase ao disposto na Ordenanza provincial reguladora dos prezos públicos polos servizos de actividades culturais, deportivas, educativas e de ocupación do tempo libre (BOP nº 139, do 19 de xuño de 2014) e na Ordenanza reguladora dos prezos públicos pola prestación de servizos e a realización de actividades no Pazo dos Deportes “Paco Paz”. (BOP nº 107, do 11 de maio de 2023).

TERCEIRO: Publicar o acordo de establecemento do importe dos prezos públicos das entradas ao parque de atraccións “Pazolandia” no Boletín Oficial da Provincia, entrando en vigor a partir do día seguinte a devandita publicación.

5º.- MODIFICACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS DO EXERCICIO 2024 EN RELACIÓN CON ACTUACIÓNS NO CONCELLO DE BEARIZ. - De conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adopta o seguinte acordo:

Modificar o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais para o exercicio 2024 no Concello de Beariz, do xeito seguinte:

Causan baixa do plan as seguintes actuacións:

No Programa de Investimentos

Denominación	Orzamento total €	Achega provincial €	Achega municipal €
Obras de Pavimentación no ámbito do plan especial de creación do solo industrial	52.941,19	10.588,24	42.352,95
Mellora contorno da reitoral de Beariz	8.940,00	8.586,00	354,00

Causan alta no plan as seguintes actuacións:

No Programa de Investimentos

Denominación	Orzamento total €	Achega provincial €	Achega municipal €
Redacción proxecto obras de pavimentación no ámbito do plan especial de creación do solo industrial.	1.855,13	1.855,13	0,00
Redacción do proxecto “mellora camiños en a Ermida e Arnelas”	1.360,09	1.360,09	0,00
Mellora entorno da reitoral en Beariz	8.940,00	8.940,00	0,00

Ensanche camiño de acceso ao velorio en Magros	7.139,00	7.019,02	119,98
--	----------	----------	--------

Do citado acordo deberá darse conta á Corporación Provincial na seguinte sesión realizada por aquela.

6º.- MODIFICACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS DO EXERCICIO 2024 EN RELACIÓN CON ACTUACIÓNS NO

CONCELLO DE LEIRO.- De conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adopta o seguinte acordo:

Modificar o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais para o exercicio 2024 no Concello de Leiro, do xeito seguinte:

Causan baixa do plan as seguintes actuacións:

No Programa de Investimentos

Denominación	Orzamento total €	Achega provincial €	Achega municipal €
Optimización enerxética e proxecto lumínico para a praza do Concello	15.000,00	15.000,00	0,00

Causan alta no plan as seguintes actuacións:

No Programa de Investimentos

Denominación	Orzamento total €	Achega provincial €	Achega municipal €
Mellora da iluminación pública en Corneira e humanización praza San Clodio	16.376,38	15.000,00	1.376,38

Do citado acordo deberá darse conta á Corporación Provincial na seguinte sesión realizada por aquela.

7º.- MODIFICACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS DO EXERCICIO 2024 EN RELACIÓN CON ACTUACIÓNS NO

CONCELLO DA MEZQUITA.- De conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adopta o seguinte acordo:

Modificar o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais para o exercicio 2024 no Concello da Mezquita, do xeito seguinte:

Causan alta no plan con cargo a remanentes na achega provincial as seguintes actuacións:

No Programa de Investimentos

Denominación	Orzamento total €	Achega provincial €	Achega municipal €
--------------	-------------------	---------------------	--------------------

Arranxo de recollida de baixantes e arquetas en Santigoso	6.000,00	6.000,00	0,00
---	----------	----------	------

Do citado acordo deberá darse conta á Corporación Provincial na seguinte sesión realizada por aquela.

8º.- MODIFICACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS DO EXERCICIO 2024 EN RELACIÓN CON ACTUACIÓNS NO CONCELLO DE VILARDEVÓS.

- De conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adopta o seguinte acordo:

Modificar o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais para o exercicio 2024 no Concello de San Cristovo de Cea, do xeito seguinte:

Causan alta no plan con cargo a remanentes na achega provincial as seguintes actuacións:

No Programa de Investimentos

Denominación	Orzamento total €	Achega provincial €	Achega municipal €
Instalación de central programable Johansson 6702, panel de emisión Rymsa e tramo de torre intermedio 360 Televés, no pobo de Azoá	3.454,31	137,35	3.316,96

Do citado acordo deberá darse conta á Corporación Provincial na seguinte sesión realizada por aquela.

9º.- SUBVENCIÓN A FAVOR DO CONCELLO DE BOBORÁS PARA PROXECTO DE REPARACIÓN DE FIRME E TRAVESÍA EN IGLESARIO E FEÁS, CORRESPONDENTE AO ANO 2024.

- De conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adopta o seguinte acordo:

Aprobar unha subvención a favor do Concello de Boborás, nos seguintes termos:

-Importe: 48.000,00 €.

-Obxecto: “Proxecto de reparación de firme e travesía en Iglesias e Feás, correspondente ao ano 2024”.

-Xustificación: A subvención xustificárase mediante a presentación de certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello beneficiario, no que se acrediten respecto da actuación subvencionada, os seguintes extremos:

- 1.- Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.
- 2.- Que a xustificación da subvención concedida se refire ao mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algunha variación con respecto ao proxecto inicial.
- 3.- Que a xustificación da subvención de referencia, acada o importe do orzamento presentado para a concesión da subvención (48.000,00 euros) indicando, en caso contrario, a porcentaxe que supón.
- 4.- Que os documentos xustificativos do gasto foron aprobados polo órgano competente.
- 5.- Que a entidade local se atope ao corrente das súas obrigas tributarias coa Facenda Estatal, Autonómica e coa Seguridade Social.
- 6.- Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.
- 7.- Que se cumpriu coa normativa aplicable en materia de contratos do sector público, en particular, coa lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, de ser necesario.
- 8.- Que conta coas autorizacións sectoriais.

Poderán realizarse pagamentos a conta, previa solicitude do interesado, que consistirán na realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada. Para a realización dos pagamentos a conta, deberán presentarse os xustificantes correspondentes. En todo caso, a realización destes pagamentos non implica unha declaración definitiva como xustificado do gasto correspondente, nin exime da necesidade de presentar a conta xustificativa completa ao remate da execución do proxecto. En consecuencia, no caso de que a subvención non se estimase xustificada no trámite final, a Deputación poderá esixir o reintegro das cantidades aboadas a conta, de concorrer causa legal conforme ao artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

Sen prexuízo do anterior, poderán realizarse pagos anticipados, a instancia dos interesados, suxeitos á constitución de garantía, segundo o establecido no dito artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións e coas excepcións correspondentes, por importe do 100% do anticipo solicitado. Non obstante o anterior, estarán exentos de prestación de garantías as entidades locais, agás no suposto de que no momento da solicitude do anticipo, teñan débedas líquidas, vencidas e esixibles pendentes de pago coa Deputación por un importe que supere o 10% dos recursos ordinarios do orzamento da entidade solicitante, nestes supostos as entidades locais deberán acompañar certificación expedida polo funcionario encargado da

intervención, expresiva do importe dos recursos ordinarios do último exercicio liquidado da entidade.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións, as subvencións, como regra xeral, seranlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

-Prazo xustificación: ata o 15 de outubro de 2025.

O dito prazo terá como regra xeral carácter improrrogable.

10º.- SUBVENCIÓN A FAVOR DO CONCELLO DA BOLA PARA INSTALACIÓN DE DEPURADORA E CONEXIÓN DA REDE DE SANEAMENTO EN VARIOS POBOS DO CONCELLO DA BOLA, CORRESPONDENTE AO ANO 2024.-

De conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adopta o seguinte acordo:

Aprobar unha subvención a favor do Concello da Bola, nos seguintes termos:

-Importe: 60.000,00 €.

-Obxecto: “Instalación de depuradora e conexión da rede de saneamento en varios pobos do concello da Bola, correspondente ao ano 2024”.

-Xustificación: A subvención xustificárase mediante a presentación de certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello beneficiario, no que se acrediten respecto da actuación subvencionada, os seguintes extremos:

- 1.- Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.
- 2.- Que a xustificación da subvención concedida se refire ao mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algunha variación con respecto ao proxecto inicial.
- 3.- Que a xustificación da subvención de referencia, acada o importe do orzamento presentado para a concesión da subvención (60.000,00 euros) indicando, en caso contrario, a porcentaxe que supón.
- 4.- Que os documentos xustificativos do gasto foron aprobados polo órgano competente.
- 5.- Que a entidade local se atope ao corrente das súas obrigas tributarias coa Facenda Estatal, Autonómica e coa Seguridade Social.
- 6.- Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.

7.- Que se cumpriu coa normativa aplicable en materia de contratos do sector público, en particular, coa lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, de ser necesario.

8.- Que conta coas autorizacións sectoriais, de ser necesarias.

Poderán realizarse pagamentos a conta, previa solicitude do interesado, que consistirán na realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada. Para a realización dos pagamentos a conta, deberán presentarse os xustificantes correspondentes. En todo caso, a realización destes pagamentos non implica unha declaración definitiva como xustificado do gasto correspondente, nin exime da necesidade de presentar a conta xustificativa completa ao remate da execución do proxecto. En consecuencia, no caso de que a subvención non se estimase xustificada no trámite final, a Deputación poderá esixir o reintegro das cantidades aboadas a conta, de concorrer causa legal conforme ao artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

Sen prexuízo do anterior, poderán realizarse pagos anticipados, a instancia dos interesados, suxeitos á constitución de garantía, segundo o establecido no dito artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións e coas excepcións correspondentes, por importe do 100% do anticipo solicitado. Non obstante o anterior, estarán exentos de prestación de garantías as entidades locais, agás no suposto de que no momento da solicitude do anticipo, teñan débedas líquidas, vencidas e esixibles pendentes de pago coa Deputación por un importe que supere o 10% dos recursos ordinarios do orzamento da entidade solicitante, nestes supostos as entidades locais deberán acompañar certificación expedida polo funcionario encargado da intervención, expresiva do importe dos recursos ordinarios do último exercicio liquidado da entidade.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións, as subvencións, como regra xeral, seranlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

-Prazo xustificación: ata o 15 de outubro de 2025.

O dito prazo terá como regra xeral carácter improrrogable.

11º.- ASUNTOS DE URXENCIA.- Neste punto da orde do día e trala unánime declaración da urxencia do asunto, por non figurar incluído na orde do día, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adoptou o seguinte acordo:

11.a) MODIFICACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS DO EXERCICIO 2024 EN RELACIÓN CON ACTUACIÓNS NO CONCELLO DO PEREIRO DE AGUIAR.-

De conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adopta o seguinte acordo:

Modificar o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais para o exercicio 2024 no Concello do Pereiro de Aguiar, do xeito seguinte:

Causan baixa do plan as seguintes actuacións:

No Programa de Investimentos

Denominación	Orzamento total €	Achega provincial €	Achega municipal €
Melloras da eficiencia enerxética en instalacións municipais e iluminación pública en Lamela, Covas e San Miguel de Calvelle	20.000,00	20.000,00	0,00

Causan alta no plan as seguintes actuacións:

No Programa de Investimentos

Denominación	Orzamento total €	Achega provincial €	Achega municipal €
Melloras da eficiencia enerxética na iluminación pública na estrada OU- 507 en Castadón	20.000,00	20.000,00	0,00

Do citado acordo deberá darse conta á Corporación Provincial na seguinte sesión realizada por aquela.

11.b) MODIFICACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS DO EXERCICIO 2024 EN RELACIÓN CON ACTUACIÓNS NO CONCELLO DO PEREIRO DE AGUIAR.-

De conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adopta o seguinte acordo:

Modificar o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais para o exercicio 2024 no Concello do Pereiro de Aguiar, do xeito seguinte:

Causan alta no plan con cargo a remanentes na achega provincial as seguintes actuacións:

No Programa de Investimentos

Denominación	Orzamento total €	Achega provincial €	Achega municipal €
--------------	-------------------	---------------------	--------------------

Redacción de proxectos e dirección facultativos	5.395,41	5.395,41	0,00
---	----------	----------	------

Do citado acordo deberá darse conta á Corporación Provincial na seguinte sesión realizada por aquela.

12º.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.- Non se presentaron.

13º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Non se formularon.

E, ás dez horas e oito minutos do referenciado día vinte e cinco de novembro do ano dous mil vinte e catro, a Presidencia dá por rematada a sesión da Xunta de Goberno, e redáctase esta acta, que se asinará electronicamente.